

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**4507** Orde AAA/699/2016, do 9 de maio, pola que se modifica a operación R1 do anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

O anexo II da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, establece unha lista non exhaustiva de operacións de valorización de residuos.

Entre esas operacións de valorización, a operación R1 (utilización principal como combustible ou outro modo de producir enerxía) aplícase aos residuos que substitúen o combustible ou a outro modo de producir enerxía, e inclúense aquí as instalacións de incineración destinadas ao tratamento de residuos sólidos urbanos só cando a súa eficiencia enerxética alcance o limiar establecido utilizando a fórmula de eficiencia enerxética (fórmula R1) a que se fai referencia no anexo II da Directiva 2008/98/CE.

A propia directiva, no seu artigo 38 e para a operación R1 (utilización principal como combustible ou outro modo de producir enerxía), prevé que se poderán ter en conta as condicións climáticas locais, tales como a intensidade do frío e a necesidade de calefacción na medida en que repercutan sobre as cantidades de enerxía que se poidan utilizar ou producir tecnicamente en forma de electricidade, calefacción, refrixeración ou vapor. Tamén se poderán ter en conta as condicións locais das rexións ultraperiféricas recoñecidas no artigo 299, número 2, parágrafo cuarto, do Tratado e dos territorios mencionados no artigo 25 da Acta de adhesión de 1985. En caso de telas en conta, adoptaranse consonte o procedemento de comitoxía establecido na citada directiva.

Para analizar a influencia das condicións climáticas na eficiencia das plantas de incineración de residuos municipais, a Comisión encargou un informe ao Centro Común de Investigación da Comisión Europea. Dos datos técnicos dese informe despréndese que as condicións climáticas locais da Unión inflúen nas cantidades de enerxía que as instalacións de incineración destinadas ao tratamento de residuos sólidos urbanos poden utilizar ou producir tecnicamente en forma de electricidade, calefacción, refrixeración ou vapor.

Así mesmo, o citado informe pon de manifesto que, para lograr unhas condicións de competencia equitativas na Unión, é razoable compensar as instalacións de incineración afectadas polo impacto das condicións climáticas locais cun factor de corrección climático (FCC) aplicable á fórmula R1, baseado no documento de referencia sobre as mellores técnicas dispoñibles para a incineración de residuos, nas condicións climáticas do lugar onde se localiza a instalación de incineración e que incentive lograr un alto nivel de eficiencia na produción de enerxía a partir dos residuos conforme os obxectivos e a xerarquía de residuos previstos na Directiva 2008/98/CE.

Todas estas conclusións se tiveron en conta no factor de corrección climático incluído na Directiva 2015/1127 da Comisión, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas.

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, traspón ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2008/98/CE, marco de residuos, incorporando o anexo II da directiva. Así mesmo, o número dous da disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, habilita o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para actualizar e modificar os anexos da citada lei.

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

De conformidade co disposto no artigo 19.2.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materias de ambiente, solicitouse informe preceptivo do Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na elaboración desta orde someteuse á consulta das comunidades autónomas e de entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da operación R1 do anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

Na operación de valorización R1 (utilización principal como combustible ou outro modo de producir enerxía) do anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, engádesse o texto seguinte ao final da nota a pé de páxina (\*):

«O valor da fórmula de eficiencia enerxética multiplicarase polo factor de corrección climático (FCC), como se indica a seguir:

1. FCC aplicable ás instalacións en funcionamento e autorizadas desde antes do 1 de setembro de 2015 conforme a lexislación vixente:

$$\text{FCC} = 1 \text{ se } \text{HDD} \geq 3350.$$

$$\text{FCC} = 1,25 \text{ se } \text{HDD} \leq 2150.$$

$$\text{FCC} = - (0,25/1200) \times \text{HDD} + 1,698 \text{ se } 2150 < \text{HDD} < 3350.$$

2. FCC aplicable ás instalacións autorizadas despois do 31 de agosto de 2015 e ás instalacións recollidas no punto 1, despois do 31 de decembro de 2029:

$$\text{FCC} = 1 \text{ se } \text{HDD} \geq 3350.$$

$$\text{FCC} = 1,12 \text{ se } \text{HDD} \leq 2150.$$

$$\text{FCC} = - (0,12/1200) \times \text{HDD} + 1,335 \text{ se } 2150 < \text{HDD} < 3350.$$

O valor resultante do FCC arredondarase ao terceiro decimal.

O valor de HDD (graos-días de calefacción) débese considerar a media dos valores anuais de HDD do lugar onde se localiza a instalación de incineración, calculada durante un período de vinte anos consecutivos anterior ao ano en que se calcula o FCC. Para calcular o valor de HDD, débese aplicar o seguinte método establecido por Eurostat: HDD é igual a  $(18 \text{ }^\circ\text{C} - T_m) \times d$  se  $T_m$  é inferior ou igual a  $15 \text{ }^\circ\text{C}$  (limiar de calefacción) e é nulo se  $T_m$  é superior a  $15 \text{ }^\circ\text{C}$ , considerando que  $T_m$  é a temperatura media  $[(T_{\text{min}} + T_{\text{max}})/2]$  exterior durante un período de  $d$  días. Os cálculos débense realizar sobre unha base diaria ( $d = 1$ ) durante un período total dun ano.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación legal.*

Esta orde dítase en virtude da facultade conferida ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente pola disposición derradeira terceira da Lei 2/2011, do 28 de xullo.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde trasponse ao ordenamento xurídico interno a Directiva (UE) 2015/1127 da Comisión, do 10 de xullo de 2015, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de maio de 2016.–A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.